

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 6 DE AGOSTO DE 2025

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 13:35 horas do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistenciais:

ASISTENTES:

Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).
Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE).
Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)
Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)
Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).
Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto).

Non asiste:

José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).
Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE).

Secretaria:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO 28 DE MAIO DE 2025.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola Presidencia pregúntaselles aos Sres. Concelleiros asistentes se teñen algo que obxectar respecto da redacción da acta da sesión ordinaria do 28 de maio de 2025.

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), e Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE). (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que quedan aprobado o borrador da acta da acta da sesión ordinaria de 28 de maio de 2025.

2.-APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2024.

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“EXPEDIENTE. 2025/T017/000001

A Conta Xeral desta Entidade Local, correspondente ao exercicio 2024, foi rendida e formulada de acordo co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, contendo asemade a conta tódalas partes que se contemplan na Regra 45 e seguintes da Orde HAP/1782/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade aprobada por ORDEN HAP/1781/2013, do 20 de setembro (ICAL).

O 8.05.2025 a Secretaria-interventora formulou informe a Conta Xeral.

O 6.06.2025 a Comisión Especial de Contas informou a Conta Xeral.

O anuncio de exposición pública da Conta Xeral foi publicado no Boletín Oficial da Provincia o 12.06.2025 (BOP. Núm.111), para que as persoas lexitimadas poderan presentar reclamacións, reparos ou alegacións contra a mesma.

Durante os 15 días hábiles seguintes a publicación do anuncio non se presentaron reclamacións, reparos ou alegacións contra a Conta Xeral.

En virtude das atribucións que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases do réxime local e ao abeiro do disposto no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, propono a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2024 comprendido pola Conta Xeral do propio Concello

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e o Consello de Contas tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.

Non se producen intervencións e acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), e Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE). (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos.

3.-RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS : REPARO SUSPENSIVO DE SECRETARÍA-IINTERVENCIÓN.

3.1. EXPEDIENTE 2025/X999/000059.

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2025/X999/000059

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIA: REPARO SUSPENSIVO FORMULADO POR INTERVENCIÓN

Visto que con data 18/06/2025, formulouse reparo suspensivo ao recoñecemento das obrigas por parte da Intervención deste Concello sobre a seguinte factura polo importe **de 5.445,00€** :

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓ N ORZAMENT	IMPORTE
MANUEL QUINTANS PEREZ	ACTUACIÓN MUSICAL FEIRA DA TROITA 2024	N 24	11/08/2024	22/05/2025	338.22609	5.445,00

Polos seguintes motivos:

“CONCLUSIÓN

Este informe realízase exclusivamente a efectos da intervención previa prevista na normativa vixente e manifestando expresamente a non valoración das circunstancias de oportunidade, necesidade ou urxencia que motivan o acto suxeito a control.

. Esta intervención EMITE NOTA DE REPARO SUSPENSIVO ao recoñecemento da obriga da seguinte factura:

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓ N ORZAMENT	IMPORTE
					.	

MANUEL QUINTANS PEREZ	ACTUACIÓN MUSICAL FEIRA DA TROITA 2024	N 24	11/08/2024	22/05/2025	338.22609	5.445,00
-----------------------	---	------	------------	------------	-----------	----------

polos seguintes motivos:

-Gasto devengado no exercicio anterior e para que no momento da súa emisión non existía crédito orzamentario axeitado e suficiente
-Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.: non cumprimento do artigo 118 LCSP(informe de necesidade, non fraccionamento do obxecto do contrato, memoria-orzamento.)

Cando o órgano xestor non acepte o reparo formulado polo órgano interventor no exercicio da función interventora, formularalle ao presidente da entidade local unha discrepancia.

Malia o disposto no número anterior, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

a) Se baseen en insuficiencia ou inadecuación de crédito.

Esta intervención como xa expuso considera que estamos en presenza de actos nulos de pleno dereito e que procede a revisión de oficio

Éste é o meu informe, que someto a calquera outro mellor fundado en dereito, sen prexuízo de que o órgano competente para resolver acorde o que estime oportuno,”

Esta alcaldía entende que debe aprobarse o recoñecemento da obriga por tratarse de obras , servizos e suministros necesarios, que efectivamente se prestaron , que constan coa miña conformidadee e que o non pago das mesmas entraría en colisión coa teoría do Enriquecemento Inxusto amplamente recoñecido pola nosa doutrina.

Vista a documentación que acompaña e de acordo co establecido no artigo 217.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no concernente ao órgano que ten que resolver as discrepancias,esta alcaldía propón ao pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Resolver a discrepancia plantexada pola Intervención e que se continue co procedemento e imputar o gasto ao presuposto definitivo para o exercicio 2025 a aprobar na presente sesión plenaria e, unha vez aprobado, que se proceda ao recoñecemento e pagamento.”

Non se producen intervencións e acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), e Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE). (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos.

3.2 EXPEDIENTE: 2025/X999/0000089

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2025/X999/0000089

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIA: REPARO SUSPENSIVO FORMULADO POR INTERVENCIÓN

Visto que con data 09/07/2025, formulouse reparo suspensivo ao recoñecemento das obrigas por parte da Intervención deste Concello sobre a seguinte factura polo importe **de 9.722,35€** :

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓ N ORZAMENT	IMPORTE
CONSTRUCCIONES M. ESPIÑO S.L.	REPARACION, Y LIMPIEZA DE TAJEAS Y	B2025 44	05/06/2025	05/06/2025	160.21000	9.722,35

	REPARACIÓN DE TUBERIA DE AGUA PUBLICA EN FOLGOSO (SOBRADO DOS MONXES) / HORA DE PALA					
--	---	--	--	--	--	--

Polos seguintes motivos:

“CONCLUSIÓN

Este informe realízase exclusivamente a efectos da intervención previa prevista na normativa vixente e manifestando expresamente a non valoración das circunstancias de oportunidade, necesidade ou urxencia que motivan o acto suxeito a control.

. Esta intervención EMITE NOTA DE REPARO SUSPENSIVO ao recoñecemento da obriga das seguintes facturas:

RAZÓN SOCIAL		CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓ N ORZAMENT	IMPORTE
CONSTRUCCIONES ESPIÑO S.L.	M.	REPARACION, Y LIMPIEZA DE TAJEAS Y REPARACIÓN DE TUBERIA DE AGUA PUBLICA EN FOLGOSO (SOBRADO DOS MONXES) / HORA DE PALA	B2025 44	05/06/2025	05/06/2025	160.21000	9.722,35

polos seguintes motivos:

-Insuficiencia de crédito presupostariosuficiente e/ou axeitado no orzamento 2025 na partidas orzamentarias

-Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.: non cumprimento do artigo 118 LCSP(informe de necesidade, non fraccionamento do obxecto do contrato, memoria-orzamento das obras e informe técnico segundo o disposto nas bases de execución.) e non se acredita a realización da prestación mediante informe técnico.

Cando o órgano xestor non acepte o reparo formulado polo órgano interventor no exercicio da función interventora, formularalle ao presidente da entidade local unha discrepancia.

Malia o disposto no número anterior, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

a) Se baseen en insuficiencia ou inadecuación de crédito.

Esta intervención como xa expuso considera que estamos en presenza de actos nulos de pleno dereito e que procede a revisión de oficio”

Esta alcaldía entende que debe aprobarse o recoñecemento da obriga por tratarse de obras , servizos e suministros necesarios, que efectivamente se prestaron , que constan coa miña conformidadee e que o non pago das mesmas entraría en colisión coa teoría do Enriquecemento Inxusto amplamente recoñecido pola nosa doutrina.

Vista a documentación que acompaña e de acordo co establecido no artigo 217.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no concernente ao órgano que ten que resolver as discrepancias,esta alcaldía propón ao pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Resolver a discrepancia plantexada pola Intervención e que se continue co procedemento para o modificativo de crédito a aprobar neste mesmo Pleno e, unha vez aprobado dito modificativo MC5/2025, que se proceda ao recoñecemento extraxudicial de crédito polo Pleno.

Non se producen intervencións e acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE),) e Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE). (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos.

3.3 EXPEDIENTE 2025/X999/000095

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2025/X999/000095

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIA: REPARO SUSPENSIVO FORMULADO POR INTERVENCIÓN

Visto que con 13.672,96€ :

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓ N ORZAMENT	IMPORTE
CANARGA S.L.	OBRA: MEJORA DE ACCESIBILIDAD EN AS CRUCES - M ² de mezcla asfáltica tipo MSR-6 en espesor de 2,50 cm extendido y compact	25 000112	30/04/2025	30/04/2025	1532.61900	13.672,96

Polos seguintes motivos:

“CONCLUSIÓN

Este informe realízase exclusivamente a efectos da intervención previa prevista na normativa vixente e manifestando expresamente a non valoración das circunstancias de oportunidade, necesidade ou urxencia que motivan o acto suxeito a control.

. Esta intervención EMITE NOTA DE REPARO SUSPENSIVO ao recoñecemento da obriga da seguinte factura:

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓ N ORZAMENT	IMPORTE
CANARGA S.L.	OBRA: MEJORA DE ACCESIBILIDAD EN AS CRUCES - M ² de mezcla asfáltica tipo MSR-6 en espesor de 2,50 cm extendido y compact	25 000112	30/04/2025	30/04/2025	1532.61900	13.672,96

polos seguintes motivos:

-Insuficiencia de crédito orzamentario suficiente e/ou axeitado no orzamento 2025 na partida orzamentaria.

-Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.: non cumprimento do artigo 118 LCSP(informe de necesidade, non fraccionamento do obxecto do contrato, memoria-orzamento das obras e informe técnico segundo o disposto nas bases de execución.) e non se acredita a realización da prestación mediante informe técnico.

Cando o órgano xestor non acepte o reparo formulado polo órgano interventor no exercicio da función interventora, formularalle ao presidente da entidade local unha discrepancia.

Malia o disposto no número anterior, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

a) Se baseen en insuficiencia ou inadecuación de crédito.

Esta intervención como xa expuso considera que estamos en presenza de actos nulos de pleno dereito e que procede a revisión de oficio

Éste é o meu informe, que someto a calquera outro mellor fundado en dereito, sen prexuízo de que o órgano competente para resolver acorde o que estime oportuno,”

Vista a documentación que acompaña e de acordo co establecido no artigo 217.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no concernente ao órgano que ten que resolver as discrepancias, esta alcaldía propón ao pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Resolver a discrepancia plantexada pola Intervención e que se continue co procedemento e imputar o gasto ao presuposto definitivo para o exercicio 2025 a aprobar na presente sesión plenaria e, unha vez aprobado, que se proceda ao recoñecemento e pagamento.”

Non se producen intervencións e acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), e Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE). (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos

4.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 4/2025.

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“EXPEDIENTE: 2025/X999/000076

ASUNTO: RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 4/2025

PROPOSTA ALCALDÍA

Vista a existencia dunhas obrigas económicas pendentes de pago e cuxo importe ascende a **10.572,50€:**

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓ N ORZAMENT	IMPORTE
EA INGENIERIA, ARQUITECTURA Y URBANISMO SOSTENIBLE S.L.	Honorarios correspondientes a la elaboración de proxecto de Mellora de vial de Torante a Vidueiros e Altopaso en Sobrado	25 6	27/05/2025	27/05/2025	920.22706	1.914,70
EA INGENIERIA, ARQUITECTURA Y URBANISMO SOSTENIBLE S.L.	Honorarios correspondientes a la elaboración de proxecto de Mellora de vial de acceso aos núcleos de Picoto e Lodeiro en	25 7	27/05/2025	27/05/2025	920.22706	2.558,79
EA INGENIERIA, ARQUITECTURA Y URBANISMO SOSTENIBLE S.L.	Honorarios correspondientes a la elaboración de proxecto de Mellora de vial en Vilasuso en Sobrado	25 8	27/05/2025	27/05/2025	920.22706	1.754,08
EA INGENIERIA, ARQUITECTURA Y URBANISMO SOSTENIBLE S.L.	Honorarios correspondientes a la elaboración de proxecto de Mellora de vial de Ponte Carballás a Dombrete, Grixalba- Sobr	25 9	27/05/2025	27/05/2025	920.22706	1.683,27
EA INGENIERIA, ARQUITECTURA Y URBANISMO SOSTENIBLE S.L.	Honorarios correspondientes a la elaboración de proxecto de Mellora de vial en Monteagudo, Roade en	25 10	27/05/2025	27/05/2025	920.22706	2.661,66

	Sobrado					
--	---------	--	--	--	--	--

Visto que quedou acreditado que as obrigas económicas pendentes se considera indebidamente adquiridas por concorrer algún/vos de os supostosque recolle o Tribunal de Contas na súa clasificación de obrigación indebidamente adquirida e outras fron informadas favorablemente e se atopan pendentes de aprobación e pagamento.

Visto o informe de de secretaría -intervención de data 02/07/2025.

Á vista dos seguintes antecedentes,

Esta alcaldía, propón ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos seguintes e aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2025 os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas, pola cantidade de 10.572,50 € por considerar que existen razóns de interese público que aconsellan non acudir á vía da revisión de oficio polos graves prexuízos que iso podería ocasionar para os administrados e para os terceiros que actúan de boa fe e por tratarse de servizos efectivamente prestados e que foron conformados pola alcaldía:

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓ N ORZAMENT	IMPORTE
EA INGENIERIA, ARQUITECTURA Y URBANISMO SOSTENIBLE S.L.	Honorarios correspondientes a la elaboración de proxecto de Mellora de vial de Torante a Vidueiros e Altopaso en Sobrado	25 6	27/05/2025	27/05/2025	920.22706	1.914,70
EA INGENIERIA, ARQUITECTURA Y URBANISMO SOSTENIBLE S.L.	Honorarios correspondientes a la elaboración de proxecto de Mellora de vial de acceso aos núcleos de Picoto e Lodeiro en	25 7	27/05/2025	27/05/2025	920.22706	2.558,79

EA INGENIERIA, ARQUITECTURA Y URBANISMO SOSTENIBLE S.L.	Honorarios correspondientes a la elaboración de proxecto de Mellora de vial en Vilasuso en Sobrado	25 8	27/05/2025	27/05/2025	920.22706	1.754,08
EA INGENIERIA, ARQUITECTURA Y URBANISMO SOSTENIBLE S.L.	Honorarios correspondientes a la elaboración de proxecto de Mellora de vial de Ponte Carballás a Dombrete, Grixalba- Sobr	25 9	27/05/2025	27/05/2025	920.22706	1.683,27
EA INGENIERIA, ARQUITECTURA Y URBANISMO SOSTENIBLE S.L.	Honorarios correspondientes a la elaboración de proxecto de Mellora de vial en Monteagudo, Roade en Sobrado	25 10	27/05/2025	27/05/2025	920.22706	2.661,66

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE),) e Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE). (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos.

5. FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS DO ANO 2026.

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“EXPEDIENTE: 2025/X999/000081

PROPOSTA: DESIGNACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2026

Vista a comunicación efectuada pola Consellería de Emprego, Comercio e Inmigración para que o Concello comunique antes do día 1 de setembro de 2025 acordo no que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído en non recuperable para o vindeiro 2026

O art. 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, sobre Regulación da xornada de Traballo, Xornadas Especiais e Descansos, que sinala que : *“serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada Municipio, determinándose pola autoridade laboral competente -a proposta do Pleno do Concello correspondente...”*.

En uso das atribucións que establece o artigo 22.2 q da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Designar como festivos locais para o ano 2026 os seguintes:

-17 de febreiro de 2026 (martes de Entroido).

-29 de xuño de 2026 (San Pedro)

SEGUNDO: Notificar a Consellería de Emprego , Comercio e Inmigración aos efectos oportunos.”

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), e Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE). (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos.

6. MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 5/2025,DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“Exp. 2025/T002/000005

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: modificación crédito 5/2025 de Suplemento de créditos con cargo ao Remanente de Tesourería para gastos xerais

Ante a necesidade inmediata de actuación para modificar os créditos, por mor do recoñecemento e pagamento de facturas devengadas no presente exercicio, outras que no momento de entrada no rexistro contable de facturas non tiñan crédito suficiente e axeitado, para dar cobertura aos créditos necesarios para gastos suplementarios non previstos no orzamento inicial, de natureza corrente como os referidos a festexos populares, redacción de proxectos, controis de calidade e saúde de obras municipais, tajeas, desbroces, atención protocolarias, limpeza, material informático, suministro de zavorra, reparacións de vehículos, publicidade e outras obras de reparacións de viais de titularidade municipal.

E dado que se dispón de remanente líquido de Tesourería segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior e dos anteriores modificativos, especialmente o de incorporación de remanentes e o MC 2/2025, pola Alcaldía propúxose a modificación orzamentaria por Suplemento de Créditos financiados con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

Con data 31/07/2025 emitíuse Memoria do Alcalde na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

Con data 31/07/2025 emitíuse informe de Secretaría-intervención sobre a Lexislación aplicable e o procedemento para seguir .

Con data 31/07/2025 emitíuse informe de intervención favorable e informe sobre a avaliación da estabilidade orzamentaria.

Realizada a tramitación legalmente establecida propónse ao Pleno a adopción do seguinte. ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 5.2025 na modalidade de Suplemento de Crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do exercicio anterior e dos estados contables na data de inicio do presente expediente, como segue a continuación:

ORZAMENTO DE GASTOS

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS POR SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

Aplicacións orzamentarias		Descrición	Euros
programa:	económica:		
136	227.99	Traballos de desbroce de montes e pistas	5.000,00
160	210.00	Alcantarillado. Instalación de tajeas e tuberías	9.725,00
170	762.00	Transferencia de capital. Aportación ao concello de Mesía por proxecto do Fondo de Compensación Ambiental	1.854,00
231	227.00	Servizo de limpeza da escola infantil	200,00
312	227.00	Servizo de limpeza do centro médico	300,00
323	227.00	Servizo de limpeza do centro escolar	250,00
338	226.02	Festexos populares. Publicidade	3.700,00
338	226.09	Festexos populares. Actuacións e producións	25.000,00

338	226.99	Festexos populares. Outros gastos e suministros	48.000,00
342	623.00	Bomba dosificadora para a piscina municipal	381,00
454	214.00	Reparación de maquinaria, tractores e vehículos municipais	8.000,00
454	221.99	Suministro de zahorra para reparación de viais	10.000,00
454	619.00	Obras de mellora de viais	28.812,00
912	226.01	Atencións protocolarias e representativas	2.000,00
912	226.02	Publicidade institucional	1.025,00
920	220.02	Material informático non inventariable	500,00
920	226.03	Publicacións en diarios oficiais	500,00
920	227.00	Servizo de limpeza da casa consistorial	360,00
920	227.06	Estudios e traballos técnicos, redacción proxectos, controis de caildade e saúde	7.500,00
924	227.00	Servizo de limpeza do edificio de usos múltiples	
Total			153.467,00

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesourería do exercicio anterior, nos seguintes termos:

**ORZAMENTO DE INGRESOS
RECURSOS QUE FINANCIAN A MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA.**

Aplicación	Denominación	Importe
870.10	Remanente de Tesoureria para Gastos Xerais	153.467,00

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

- a) O carácter específico e determinado do gasto para realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.
- b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica].

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.”

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE),) e Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE). (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos.

7. RATIFICACIÓN DE DECRETO DE ALCALDIA Nº 313.2025 DE 9.07.2025 POLO QUE SE SOLICITA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO NO CONCELLO DE SOBRADO”.

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO NO CONCELLO DE SOBRADO

EXPEDIENTE: 2025/A007/000005

EXPEDIENTE DECRETO: 2025/G003/000330

Obxecto: Con data de abril de 2025 redáctase o proxecto técnico polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Jesús Manuel Mallo Puga de “RENOVACIÓN DE LAS INSTALACIONES DE ALUMBRADO PÚBLICO EN EL CONCELLO DE SOBRADO”, a efectos de definir as características técnicas e a valoración das obras sinaladas.

Obxectivo:

Neste caso trátase da adecuación de parte da iluminación pública no lugar de Porta, O Mesón e As Cruces do Concello de Sobrado co fin de incrementar a eficiencia enerxética no que se substituirán un total de 59 luminarias tipo VSAP por outras con tecnoloxía LED, a substitución das columnas que as sustentan e no lugar de Mesón substituirase o cadro existente o cal se atopa en malas condicións.

Coa presente actuación obteranse as seguintes melloras:

- Renovar as columnas e luminarias no lugar de Porta, O Mesón e As Cruces e o cadro do lugar de O Mesón, tanto por antigüidade como por atoparse en malas condicións.
- Conseguir un importante aforro de consumo enerxético debido á implantación de luminarias tipo LED.
- Mellora da iluminación existente de acordo coas especificacións contidas no REEIAE grazas á incorporación de luminarias con ópticas adecuadas á sección para iluminar.

Considérase o carácter urxente das obras en atención a cumprir o obxectivo de mellorar a seguridade no entorno das actuacións tanto nas beirarrúas como nos viais así como o aforro do consumo enerxético.

O Concello de Sobrado conta cunha extensión total de 120,29 km², vertebrados na maioría dos casos por rúas, estradas, pistas e camiños de titularidade municipal, así segundo a enquisa sobre infraestruturas e equipamentos locais da Deputación da Coruña, o concello sobradés conta con 242,62 km de estradas e 99,98 km de rúas, o que supón un gran esforzo en labores de

conservación para o municipio, non contando, ademais, con axudas suficientes para este fin desde os diferentes organismos supramunicipais, de aí a necesidade de solicitar axudas directas para este fin.

Esto denota a urxencia da actuación, non podendo o Concello esperar para incluír o investimento no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial da Coruña do ano 2026 considerando así necesario a solicitude da concesión da correspondente subvención nominativa a través da sinatura de convenio de colaboración.

Inversión financeiramente sostible: Informe de secretaría-intervención

Financiamento: O orzamento do proxecto de execución por contrata da obra “RENOVACIÓN DE LAS INSTALACIONES DE ALUMBRADO PÚBLICO EN EL CONCELLO DE SOBRADO” ascenda a contía de 119.767,68 € (ive 20.786,13 €).

Solicitude: Solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha subvención nominativa para a execución da obra “RENOVACIÓN DE LAS INSTALACIONES DE ALUMBRADO PÚBLICO EN EL CONCELLO DE SOBRADO” por importe do 80% (95.814,14€) asumindo o Concello do Sobrado o compromiso de financiar o 20% restante (23.953,54€), achegando informe de secretaría-intervención sobre a capacidade económica do Concello de Sobrado para facer fronte á financiación e de que se trata dunha inversión financeiramente sostible.

En virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente, esta alcaldía **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico elaborado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Jesús Manuel Mallo Puga de “RENOVACIÓN DE LAS INSTALACIONES DE ALUMBRADO PÚBLICO EN EL CONCELLO DE SOBRADO” con data de abril de 2025.

Segundo: Solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha subvención nominativa para a execución da obra “RENOVACIÓN DE LAS INSTALACIONES DE ALUMBRADO PÚBLICO EN EL CONCELLO DE SOBRADO”, por importe do 80% (95.814,14€) asumindo o Concello do Sobrado o compromiso de financiar o 20% restante (23.953,54€), achegando informe de secretaría-intervención sobre a capacidade económica do Concello de Sobrado para facer fronte á financiación.

Terceiro.- Asumir o compromiso de financiar o 20% (23.953,54€), facendo a oportuna modificación do orzamento en vigor do 2025.

Cuarto.- Que con data 1.10.2024 o Concello de Sobrado remitiu as contas correspondentes ao exercicio 2023 ao Consello de Contas de Galicia.

Quinto.- Declarar que o Concello de Sobrado ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e tramitou a autorización sectorial ante a Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia.

Sexto.- Declarar que o Concello de Sobrado non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e que cumpre coas condicións para obter a condición de beneficiario da axuda.

Sétimo.- Declarar que o Concello de Sobrado non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para a mesma finalidade.

Oitavo.- Que será a Alcaldía Presidencia quen realice as oportunas xestións e asine cantos documentos se relacionen co presente asunto.

Noveno.- Certificar a presente resolución e remitir dita certificación á Deputación Provincial de A Coruña.”

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), e Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE). (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda ratificado o decreto de alcaldía.

8.MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES 2024-2026.

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“EXPEDIENTE: 2025/A0013/000001

ASUNTO: MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES DO CONCELLO DE SOBRADO PARA 2024-2026

O plan estratéxico de subvencións 2024-2026 foi aprobado polo Pleno en sesión de 29.11.2023, publicado no BOP n.º 233 de 7.12.2023 .

A normativa referida establece como principios inspiradores a transparencia que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público dedicado á actividade subvencional das Administracións Públicas.

Co fin de mellorar o Plan e dado que non se contempla ningunha axuda para organizar os festexos populares e co fin de apoiar ás organizacións sen ánimo de lucro encargadas dos mesmos, é preciso modificar o Plan estratéxico e engadir unha nova liña de axuda dirixida a apoiar este tipo de celebracións,

Á vista do expediente tramitado ao efecto, no que consta informe da Secretaria-Interventora e proposta de documento, esta Alcaldía, en exercicio das atribucións legalmente atribuídas polos artigos 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACION a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á modificación do Plan Estratéxico de Subvencions do Concello de Sobrado 2024-2026 nos seguintes termos:

“ARTIGO 5. LÍÑAS DE SUBVENCIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS .

O presente Plan Estratéxico do Concello de Sobrado resulta de aplicación directa a todas as subvencions concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.*
- Subvencións nominativas previstas no orzamento .*

Con carácter xeral , as subvencións se concederán en réxime de concorrencia competitiva; non obstante, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nos orzamentos municipais .

As Líñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, no que se integran as liñas de subvencións do Concello , son as seguintes:

- Líña 1: Fomento da promoción do deporte, a cultura e a educación nos seus distintos ámbitos.*
- Líña 2: Fomento da natalidade.*
- .Líña 3: Festexos populares*

5.1. SUBVENCIONS EN MATERIA DE FOMENTO DO DEPORTE, CULTURA E EDUCACIÓN .

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello , con fins de carácter educativo ,cultural e deportivo

b) Obxectivos específicos:

-Apoiar a educación.

- Apoiar o mantemento e funcionamento da ANPA do centro educativo de Sobrado e apoiar á realización doutras actividades que propien a participación e o encontro entre os alumnos.

- Fomentar a promoción do deporte federado das entidades deportivas .

-Fomento das actividades extraescolares.

c) Prazo de execución: Anual

d) Costes previsibles:

Os costes previstos para o periodo 2024-2026 serán ata o máximo da disponibilidad das consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio.

e) Fontes de financiamento:

O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

f)Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión se realizará en xeral por concurrencia competitiva, e de forma directa para as entidades que figuren nominativamente no orzamento .

g) Plan de actuación:

O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, realizaráse mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria , e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan suscribirse ou dictarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.

5.2. SUBVENCIONES EN MATERIA DE FOMENTO DA NATALIDADE.

a)Obxectivo estratéxico:

Co obxectivo de fomentar a natalidade e o asentamento de poboación no Concello de Sobrado, considérase necesario promover axudas, na medida dos recursos de que dispón este Concello, destinadas ás familias que teñan fillos/as por nacemento ou

adopción e/ou establezan o seu domicilio de forma permanente no Concello de Sobrado, como medida de fomento encamiñada a reactivar a natalidade.

b) Obxectivos específicos:

- Fomentar a natalidade no termo municipal, a fin de paliar o crecemento vexetativo negativo e o asentamento da poboación no Concello de Sobrado.

c) Prazo: Convocatorias anuais

d) Costes previsibles: Os costes previstos para o período de vixencia do presente PES serán ata o máximo das disponibilidades orzamentarias consignadas recollidas no orzamento que se aprobe.

e) Fontes de de financiamento : O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.

f) Procedemento de concesión : O procedemento de concesión se realizará en concorrencia competitiva, de conformidade coa ordenanza que regule a súa concesión

g) Plan de actuación: O procedemento de concesión para a execución desta liña estratéxica realizarase en concorrencia de conformidade coa ordenanza aprobada .

5.3 SUBVENCIONS EN MATERIA DE FESTEXOS POPULARES

a) Obxectivo estratéxico:

Colaborar coas comisións de festexos do municipio de Sobrado na organización das festas locais

b) Obxectivos específicos:

Apoiar a participación cidadá na celebración de festas populares e mantemento das tradicións de Sobrado e as súas parroquias.

c) Prazo de execución: Anual

d) Costes previsibles:

Os costes previstos para o período 2024-2026 serán ata o máximo da dispoñibilidade das consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio.

e) Fontes de financiamento:

O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

f) Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión se realizará de forma directa para as entidades que figuren nominativamente no orzamento . “

SEGUNDO.- Publicar o citado Plan no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Sobrado .”

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), e Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).
(PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos.

CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN

9.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA Nº 205.2025 DE DE 20.05.2025 A 327.2025 DE 30.07.2025

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dase conta aos concelleiros das resolucións da alcaldía da nº 205/2025 a 327/2025.

10.- DAR CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DO 2º TRIMESTRE DO 2025.

Dase conta do periodo medio de pago a provedores do 2º trimestre do 2025 que foi de 21,47 días.

A Corporación dase por enterada.

11.- MOCIÓNS DE URXENCIA

O sr. alcalde , en virtude do establecido no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo municipal desexa someter á consideración do Pleno , por razón de urxencia, algún asunto non incluído na orde do día e que non teña cabida no turno de rogos e preguntas.

Non se plantexa ningunha moción

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

Samuel Márquez Santos , concelleiro do Grupo Mixto pregunta polos desperfectos das baldosas na piscina municipal.

Resposta o sr. alcalde que non tiña coñecemento do problema e que por suposto que se arranxarán.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 13:50 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria , dou Fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE